



VALORACIÓNS DO STEG

MESA SECTORIAL 31/05/2012

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Orde pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de directores dos centros de formación e recursos e de asesores do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.

- Ao respecto dos requisitos de participación que se piden no **artigo 2**, demandamos que se incorpore a condición de coñecemento da lingua galega mediante a acreditación do CELGA 4 ou equivalente.
- Ao respecto do perfil que se describe para as persoas candidatas a exercer unha asesoría nas estruturas formativas da Consellería, se o contemplamos á luz dos requisitos e o baremo non sabemos como se poderá obxectivar a escolla da persoa máis acaída. Tampouco se especifican as funcións concretas de cada praza que se vai a exercer.
- Ao respecto do **artigo 7** (Proceso de selección), demandamos o seguinte:
 - o a supresión da entrevista, pois entendemos que é unha proba subxectiva e aberta á arbitrariedade.
- Ao respecto do **artigo 8** (Comisión de selección), solicitamos que se inclúa na comisión a profesorado, para que teña un perfil máis técnico que político.
- Ao respecto do **artigo 9** (Proposta de nomeamento), demandamos coherencia co Decreto 74/2011 e que se inclúa unha mención específica á avaliación das persoas asesoras e que exerzan a dirección dos CFR, na que se sinala como se vai realizar, quen a vai realizar e cales son os criterios que se terán en conta.
- Ao respecto das prazas que se mencionan no **artigo 7** (desertas) e no **artigo 9.4** (en que se di literalmente: "as prazas que non fosen cubertas por ausencia de persoas candidatas ou aquelas novas vacantes que, como resultado do proceso de selección, puideran producirse finalizado este") e das que se establece nese mesmo artigo 9.4 que "poderán proverse, en comisión de servizos de maneira provisional, para o curso 2011-2012, a proposta da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa" ou, no **artigo 10**, que poderán ser cubertas con posterioridade ao proceso selectivo (no que textualmente se cita: "de quedaren prazas vacantes nos procesos de selección, aquelas persoas asesoras que se incorporen con posterioridade a realización da formación inicial seguirán o programa de formación establecido nos procesos de acollida do SFP, dogo no seu momento faremos as oportunas reflexións). Con todo, consideramos CAFI e dos CFR"), na medida en que entendemos que, ao non especificarse ningún proceso concreto para a incorporación dese persoal, se abre unha perigosa porta á arbitrariedade, esiximos, en primeiro lugar a retirada dos parágrafos anteditos; e, en segundo, abrir un novo proceso selectivo para cubrir as prazas desertas que poidan quedar ao finalizar ese proceso selectivo.

Orde para cubrir prazas de persoal asesor na Consellería

- Revisar a linguaxe sexista deste borrador de Orde (ex: artigo 5, cando fai referencia á comisión de selección só se sinala "Presidente" e nos requerimentos para ocupar os postos nas asesorías só aparece "profesor")
- Que se redacte o sumario, en todas as ordes, especificando que os postos vanse cubrir en réxime de comisión de servizos (resulta máis transparente e claro).
- En xeral, o STEG propón que, en todas as ordes, os criterios para a baremación se modifiquen, para que se aumente a puntuación pola formación específica para o posto de traballo que se vai desenvolver e se rebaixe a puntuación por antigüidade. Se se mantén, ao puntuar ata 7 puntos a antigüidade fai que as mesmas persoas sempre estean nos mesmos postos (créase un círculo vicioso do que é difícil saír).
- Que se esixa a "certificación ou validación equivalente" de coñecementos en lingua galega, para poder ocupar os postos nas asesorías.
- Engadir, no **artigo 4**, que o proxecto de traballo deberá estar redactado en galego.
- No **artigo 6**, cando fala da posibilidade da convocatoria dunha entrevista, solicitamos que se se convoca a unha persoa a dita entrevista, se convoquen a todas aquelas que superen os 4 puntos no proxecto (hai ata 6 puntos en xogo).
- No **artigo 8.2** fálase do establecemento dun proceso de avaliación; o STEG solicita que se especifique máis polo



VALORACIÓNS DO STEG

MESA SECTORIAL 31/05/2012

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

miúdo cómo vai ser ese proceso, quen o vai implementar, será unha comisión ou non...

- **Nas prazas ofertadas nos postos 1, 2 e 3** non se fan requerimentos en canto a titulación: profesor/ora de secundaria, mestra/e de Primaria...
- **No posto 15:** "Asesor/a de avaliación de calidade", os requerimentos inclúen a docentes de ensino secundario das especialidades de : matemáticas, informática, FOL, lingua castelá, inglés e orientación, preguntámonos porque non teñen cabidas as/os de lingua galega.
- **No posto 16** botamos de menos que só se esixa "coñecemento da normativa das ensinanzas deportivas" para ocupar o posto de asesor/a en ensinanzas deportivas.

Normas para adxudicación de destino provisional curso académico 2012/2013 para o persoal do corpo de mestres e secundaria.

Reclamacións do STEG ao borrador da Orde de provisionais primaria:

- En varias: Desaparición das afíns como tales, ou se está habilitado para esa especialidade ou non a pode impartir.
- Décimo cuarta: Exercer o dereito preferente non pode dar lugar a que se poda adxudicar prazas doutras especialidades distintas ás que se está habilitado.
- Eliminación da Decimo oitava: *Obtención de destino nunha especialidade para a cal non se está habilitado.*

Resumo das Novidades respecto a anos anteriores:

- Con anterioridade ao 20 de xuño se comunicará aos interesados e aos centros o número e a especialidade do persoal que non terá horario no centro. (O curso pasado foi antes do 30 de xuño).
- Fálase por primeira vez da convocatoria do mes de xuño para recoñecemento de especialidades regulada na Orde de 10 de xaneiro de 2012, as cales serán válidas para este concurso.
- Publicación das vacantes provisionais antes do 14 de xullo.
- Resolución provisional 20 de xullo.
- Resolución definitiva 30 de xullo.

Reclamacións do STEG á Orde de provisionais de Secundaria:

- Que só se podan pedir como afíns as materias para as que se certifique a formación precisa. En todo caso non se poderá impartir máis dunha materia afín nin se poderán adxudicar con carácter forzoso.
- Que non se adxudiquen prazas a tempo parcial, agás nos casos de demanda expresa de persoas interesadas. O horario debe completarse con reforzos educativos, desdobres, apoios na materia correspondente.
- Que non se podan adxudicar itinerancias con máis de dous centros.

Permanente do Secretariado Nacional do STEG
maio do 2012